



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 245/2016 DE 28 DE XUÑO PARA CONTRATAR 4 TRABALLADORES DESEMPREGADOS –SUBVENCIÓN DA ECMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL- 1 PEÓN DE OBRAS/SERVIZOS MUNICIPAIS, 1 ALBANEL, 1 OPERARIO-CONDUCTOR E 1 PEÓN DE LIMPEZA CONFORME O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA A ANUALIDADE 2016.

### ANTECEDENTES

No BOP de 22 de xuño de 2016 saíu publicada a concesión de aprobación do programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a anualidade 2016.

Trátase dun programa que ten como finalidade o apoio aos concellos para que presten os servizos mínimos municipais en virtude das competencias atribuídas no artigo 36 da LBRL

Segundo establecen as bases: o concello deberá realizar a contratación a persoas en situación de desemprego. Será solicitada a oferta ó Servizo Galego de Emprego e publicada simultaneamente na web e no taboleiro de anuncios.

A Resolución nº 2015/7609 pola que se aproba de forma definitiva a axuda saíu publicado no BOP nº 118 de 22 de xuño de 2016

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada.
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 177 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Son competente para resolver, de conformidade co que dispón o artigo 21.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, (modificada polo Lei 11/1999, do 21 de abril), e o artigo 41.14 do Real decreto 25686/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. .

Por todo o anterior, RESOLVO:

1 Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de 4 traballadores desempregados: 1 peón de obras e servizos/ 1 albanel/ 1 peón operario de limpeza e 1 operario conductor) para a realización de obra ou servizo subvencionado pola Excm. Deputación provincial (programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a anualidade 2016) dende a sinatura do contrato ata o 31 de decembro de 2016. O soldo é de 1053.24€ brutos/mes para

o peón de obras e servizos incluíndo a proporción de paga extra, para o albanel de 1153.24€/mes incluíndo a proporción de paga extra, de 1086.04€ brutos/mes para o peón de limpeza viaria con proporción de paga extra e 1086.04€ brutos/mes para o operario conductor con proporción de paga extra.

As bases aparecen como anexo deste acordo.

2 Autorizar o gasto con cargo as partidas correspondentes do vixente orzamento municipal e proceder á correspondente retención de crédito, para afrontar os custos dese persoal.

Ponteceso, 28.06.2016

O ALCALDE

Xosé Lois García Carballido

Ante min. A Secretaria

Cristina Castro Fuentes



**BASES PARA CONTRATAR 4 TRABALLADORES DESEMPREGADOS DE OBRA/SERVIZO . –SUBVENCIÓN DA ECMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL- 1 PEÓN DE OBRAS/SERVIZOS MUNICIPAIS, 1 ALBANEL, 1 OPERARIO-CONDUCTOR E 1 PEÓN DE LIMPEZA CONFORME O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA A ANUALIDADE 2016**

### **1 Obxecto da convocatoria:**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade por obra ou servizo determinado dende a sinatura do contrato ata máximo o 31. 12 2016, de 4 prazas de "Cuadrilla de obras e servizos municipais" ( 1 peón de obras e servizos e 1 albanel, 1 peón –operario de limpeza e 1 operario conductor ). O soldo é de 1053.24€ brutos/mes para o peón de obras e servizos incluíndo a proporción de paga extra, para o albanel de 1153.24€/mes incluíndo a proporción de paga extra, de 1086.04€ brutos/mes para o peón de limpeza viaria con proporción de paga extra e 1086.04€ brutos/mes para o operario conductor con proporción de paga extra.

### **2 Tipo e duración do contrato:**

O contrato será de duración determinada, para realizar a obra ou servizo determinado, de conformidade co artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, sendo a duración do contrato dende a súa sinatura ata máximo o 31.12.2016.

A xornada laboral será a tempo tempo completo con horario de 40 horas semanais

### **3 Requisitos dos aspirantes:**

3.1. Serán requisitos dos aspirantes a esta contratación con carácter xeral:

- 1) Ter cumpridos os 16 anos de idade
- 2) Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional, segundo o que dispón o artigo 57.3 do Estatuto Básico
- 3) Estar en posesión do celga 2. No seu caso acreditación do coñemento do galego, mediante un exercicio de carácter oral onde se comprobe a fluidez dos/das aspirantes no manexo do galego oral.
- 4) Estar en posesión do Certificado de Escolaridade e/o posuír a habilitación requirida para o posto de traballo a desempeñar, acreditado mediante certificado de empresa, documentos de cotización, contratos de traballo, vida laboral ou nómina



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

- 5) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 6) Para quenes se presenten ao posto de operario-conductor deberán acreditar estar en posesión dos carnets C1 e CAP

2. As persoas a contratar no programa deberán estar entre as recollidas como incluídas en situacións de exclusión laboral:

- .- Mulleres, ao ter un diferencial de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- .- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade comprobarase polos concellos no proceso de selección
- .-Persoas desfavorecidas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:
  - Drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego por idioma ou cuestión socioculturais.
- .- Parados de longa duración. Considérase aos efectos aquelas persoas que leven como mínimo dous anos de demandante de emprego.
- .-Persoas vítimas de violencia de xénero

#### **4 Presentación de solicitudes**

Aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente publicaranse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios e cursarase a oferta pertinente ó Servizo Galego de Colocación.

Respecto á oferta ao Servizo Galego de Colocación, aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente e unha vez que a oficina do INEM remite a relación de candidatos que se axustan ao perfil, avisarase polo responsable do expediente ( debendo quedar debidamente acreditado) a todos os candidatos propostos para convocalos para que aporten nun prazo de catro días hábiles dende a data da súa comunicación a documentación que desexen que lles sexa valorada de conformidade co disposto na fase de concurso.

Respecto a todos aqueles demandantes de emprego que se presenten sin vir na relación remitida pola oficina do INEM, como consecuencia de ter coñecemento dos postos de traballo pola publicidade na web e no taboleiro de anuncios, dispoñen dun prazo de 6 días naturais dende o día seguinte á publicación, para presentar as dúas instancias.

Na solicitude debe de aclararse a qué posto de traballo se presenta o interesado

Os interesados deben aportar xunto coa solicitude toda a documentación necesaria para acreditar

que son desempregados/as e que forman parte dos colectivos que se relacionan no punto 3.2 destas bases. Igualmente deben de presentar:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Título CELGA 2 ou documentación equivalente
- Certificado de empresa ou fotocopia compulsada dos contratos de traballo e informe orixinal ou compulsado da vida laboral
- Dos servizos prestados na administración Pública, valerá como medio de acreditación o certificado expedido por fedatario.

A documentación acreditativa das circunstancias a ter en conta a efectos de baremo, poderá ser aportada xunto coa solicitude ou posteriormente a ésta, sempre dentro do prazo máximo establecido para a presentación de solicitudes. De non presentarse no citado prazo, non será obxecto de valoración na fase de concurso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, aprobarase a relación de admitidos e excluídos provisional, que disporán do prazo dun día hábil para presentar a documentación, no seu caso.

Posteriormente, aprobarase a relación definitiva de admitidos e excluídos e nesta Resolución fixarase a composición do Tribunal e a data de reunión para a baremación dos candidatos

#### **5 Tribunal cualificador das probas:**

1 O tribunal cualificador designado pola alcaldía, estará integrado polos seguintes membros:

    Presidenta: A secretaria do concello, ou que a substitúa

    Secretario (con voz e sen voto): José Manuel Ordoñez Barca. funcionario, administrativo do Concello.

    Vogais:

    Cristina García Haz, traballadora social

    Julia Ures Villar, normalizadora lingüística

    Fernando Naya Abeleira, funcionario, administrativo do Concello.

2 O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, de todos os seus membros

De todas as reunións que faga o tribunal o secretario redactará acta .

3 Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4 O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nelas.

5 O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubri-las posibles vacantes que poideran producirse, só válido para a presente campaña.

6 O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

7 Os membros do tribunal percibirán as dietas conforme o RD 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

### 6 Selección:

Fase de concurso:

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados polos/as aspirantes no momento de presentar a súa instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

#### 6.1. Experiencia profesional

- Por cada mes de servizo prestado como albanel ou categoría profesional similar (grupo de cotización 8) na Administración Pública ou empresa privada : 0,10 ptos ata un máximo de 2 ptos.
- Por cada mes de servizo prestado como peón de obras e servizos ou categoría profesional similar (grupo de cotización 10) na Administración Pública ou empresa privada: 0.10 puntos ata un máximo de 2 puntos.
- Por cada mes de servizo prestado como peón operario de limpeza ou categoría profesional similar (grupo de cotización 10) na Administración Pública ou empresa privada : 0,10 ptos ata un máximo de 2 ptos.
- Por cada mes de servizo prestado como peón- operario conductor ou categoría profesional similar (grupo de cotización 10) na Administración Pública ou empresa privada : 0,10 ptos ata un máximo de 2 ptos.

Os servizos prestados acreditaranse con informe de vida laboral acompañado do contrato de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente.

#### 6.2.Demandante de emprego

Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,20 ptos por mes ata o máximo de 3,00 ptos

#### 6.3. Situación social.

6.3.1. Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas 1 punto por cada curso/ou programa ata un máximo de 3 tendo en conta que os cursos ou programa de menos 20 horas non serán valorados

6.3.2. Por ser muller ao ter un diferencial de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes, 1 pto.

6.3.3. Por discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%, sempre que non impida desenvolver as funcións do posto, 1 pto.

6.3.4.Persoas desfavorecidas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

Drogodependencia xa rehabilitado ou nun programa de rehabilitación, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego por idioma ou cuestión socioculturais. 1 pto. por cada situación acreditada. As circunstancias acreditaranse por informe de traballador social municipal á vista da documentación aportada.

6.3.5.- Parados de longa duración. Considérase aos efectos aquelas persoas que leven dous anos como mínimo de demandante de emprego. 1 pto.

6.3.6.-Persoas vítimas de violencia de xénero. 1 pto.



## **7 Procedemento de selección:**

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do concello a relación de todos os aspirantes coa puntuación final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase do concurso). O tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

No caso de empate na puntuación final darase preferencia aos/as candidatos/as que acadasen unha maior puntuación na fase de experiencia profesional. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

## **8 Presentación de documentos**

Cada unha/un das/dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría do concello, no prazo de tres días naturais (contados a partir da publicación do resultado de selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún ou algunha dos/das aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que pudiera incurrir por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

## **9 Formalización dos contratos:**

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da corporación procederá a contratar a favor dos/das aspirantes propostos/as polo tribunal cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Previamente á asinatura do contrato, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentes non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcalce previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

## **10 Normas finais**

1 Para todo o que non está previsto nestas bases ou para o que as contradigan, será de aplicación suletoria o establecido na Lei reguladora das bases do réxime local, na Lei de administración local de Galicia, no Real decreto 896/1991, no Real decreto 364/1995, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2 Os actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da casa do concello.

3 Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

A presentación de reclamacións suspenderá a continuación do proceso selectivo, agás que así o decida o órgano que o convoca este.

4 Contra estas bases e contra a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación na convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interponer o recurso de reposición no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso, non se poderá interponer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

O tribunal queda facultado para resolver tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

Ponteceso, 28/06/2016

